



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 12 DE MARZO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a modificación dos estatutos do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de sitio histórico, a casa familiar de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao na vila coruñesa de Rianxo

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan Especial fronte ao Risco Sísmico de Galicia (SISMIGAL)
- Acordo polo que se aproba a actualización do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dun dereito de uso dunha parcela de 4.600 metros cadrados, feita a título gratuíto pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Tomiño (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se aproba o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a granxa mariña e o criadeiro de abalón, situada na Piela, Tal de Abaixo-Muros (A Coruña), promovido pola empresa *Galician Marine Aquaculture*



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Entrimo, para a execución da obra de mellora do abastecemento de auga no concello de Entrimo (Ourense), por importe de 410.000 euros

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello da Coruña e seis familias chabolistas, para adquisición da súa propia vivenda



A XUNTA AMPLÍA A SÚA PARTICIPACIÓN NA CONSTRUCIÓN E EQUIPAMENTO DOS PARQUES COMARCAIS DE BOMBEIROS DA CORUÑA

- *Co obxectivo de acadar unha maior axilidade na xestión e prestación do servizo, a participación da Xunta pasa do 40% ao 50%, correspondendo o 50% restante á Deputación Provincial da Coruña*
- *A ampliación faise mediante un decreto que modifica os estatutos do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, que tamén recolle a ampliación do servizo con novos parques e subsedes*

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que o Goberno galego amplía a súa participación na construción e equipamento dos parques comarcais de bombeiros da provincia da Coruña, que pasa do 40% ao 50%, correspondendo a outra metade do orzamento á Deputación Provincial coruñesa. Este novo texto modifica parcialmente os estatutos do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, en concreto, no que se refire ao réxime económico e financeiro da entidade.

Así, co obxecto de acadar unha maior axilidade na xestión e prestación do servizo do Consorcio, o decreto muda o artigo 23 dos citados estatutos, o relativo ás “achegas dos entes consorciados para o sufragamento de gastos ordinarios de financiamento do parque”, no que respecta á súa fase de construción e equipamento. Da anterior participación -40% da Xunta, 60% da Deputación da Coruña- pasarase a unha repartición a partes iguais entre os dous entes, o que supón unha maior implicación por parte da Administración autonómica. Con esta ampliación da porcentaxe de participación, o financiamento quedaría igual que no recentemente creado Consorcio Provincial de Lugo.

Os parques cos que o Consorcio presta servizo na provincia coruñesa son os de Arteixo, Arzúa, As Pontes, Betanzos, Boiro, Carballo, Cee, Ordes, Ribeira (subsede) e Santa Comba. Así mesmo, o novo decreto aprobado pola Xunta recoñece na súa disposición adicional única que, de acordo co adoptado polas dúas administracións no pleno do consorcio, o servizo poderá ampliarse coa creación de novos parques e subsedes que aseguren a cobertura da prestación do servizo no correspondente ámbito territorial. Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



O CONSELLO DA XUNTA DECLARA A CASA DE CASTELAO EN RIANXO BEN DE INTERESE CULTURAL

- *Cultura promoveu a declaración BIC como sitio histórico polo valor simbólico da vivenda ao constituír o espazo no que se formou como artista, intelectual e político a figura máis relevante da Galicia do século XX*
- *A declaración conta cos informes favorables da Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago*

O Consello da Xunta declarou hoxe a casa familiar de Castelao en Rianxo Ben de Interese Cultural, coa categoría de sitio histórico. Esta declaración reconece o valor histórico e simbólico da casa e outórgalle o máximo grao de protección prevista na lexislación para o patrimonio cultural.

A aprobación hoxe polo Consello da Xunta pon fin a un proceso que a Consellería de Cultura e Deporte puxo en marcha en xullo de 2006. Un ano despois, o 24 de xullo de 2007, Cultura incoou o expediente de declaración de BIC da casa familiar de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, sita na rúa de Abaixo de Rianxo.

A declaración efectiva prodúcese unha vez que o 17 de febreiro deste ano os técnicos de Cultura entrasen no inmovible para comprobar o estado actual do seu interior e das súas pertenzas. Realizouse ademais unha reportaxe fotográfica para incorporar á documentación do expediente de declaración de BIC.

Valor histórico e simbólico

A declaración de BIC como sitio histórico vén avalada polo informe favorable de tres organismos consultivos: a Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela. O decreto de declaración aprobado hoxe polo Consello da Xunta sinala que a casa ten un indiscutible valor simbólico e constitúe o espazo no que se formou como artista, intelectual e político a figura máis relevante da Galicia do século XX.

No decreto arguméntase que na biografía de Castelao “a casa familiar de Rianxo significou o punto de ida e permanente retorno, o lugar que foi entendido popularmente como un santuario de galeguidade, e así se entendeu sempre nos ámbitos culturais e sociais de Galicia. O domicilio familiar constituíu a súa referencia fixa na súa vila natal, e consecuentemente existía unha estreita identificación, privada e pública, de Castelao con aquel”.

No decreto explícase que a casa “permaneceu baixo propiedade e uso da familia de maneira ininterrompida durante case un século, sen que apenas mudase por dentro



desde os anos anteriores á Guerra Civil, polo que conserva fielmente a fasquía e o ambiente das casas vilegas de clase media do primeiro terzo do século XX, neste caso no ámbito dunha vila mariñeira”. No decreto sinálase que a casa presenta a posibilidade real de revivir o ambiente vital máis íntimo de Castelao.



APRÓBASE O PRIMEIRO PLAN ESPECIAL FRONTE AO RISCO SÍSMICO DE GALICIA

- *Dá a coñecer o perigo sísmico existente en Galicia, estima a vulnerabilidade das construcións e establece a organización e os procedementos de actuación dos recursos e servizos para facer fronte ás urxencias*
- *A estrutura do Plan está adaptada ao disposto na directriz básica de risco sísmico que rexe para o Estado español e tamén ao disposto no PLATERGA*
- *Conta cunha aplicación informática de xestión de recursos, denominada SESGAL, cun módulo especial de xestión do posto de mando avanzado*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o primeiro Plan Especial fronte ao Risco Sísmico de Galicia (SISMIGAL), redactado pola Dirección Xeral de Protección Civil da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. O seu obxecto é coñecer o perigo sísmico existente en Galicia e estimar a vulnerabilidade das construcións cuxa destrución poida ocasionar vítimas, interromper un servizo imprescindible ou aumentar os danos por efectos catastróficos asociados. Ademais, permite tamén establecer a organización e os procedementos de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade corresponde á Comunidade galega e os que poidan ser asignados a este por outras administración públicas. Deste xeito, preténdese facer fronte ás urxencias por terremotos ocorridos; ou ben, formando parte da organización do Plan Estatal, prestar o concurso necesario cando tales situacións se produzan en calquera parte do territorio nacional.

Neste sentido, realizouse un estudo pormenorizado e individualizado de cada parroquia, elaborando unha base de datos que recolle todos os edificios de Galicia –prestando especial atención a infraestruturas como hospitais e centros educativos-, as poboacións, estradas, tendidos eléctricos e demais elementos sensibles, de xeito que se poidan coñecer con detalle os posibles efectos para a poboación de Galicia nunha emerxencia de tipo sísmico.

A estrutura do Plan está adaptada ao disposto na directriz básica de risco sísmico que rexe para o Estado español e tamén ao disposto no PLATERGA, de xeito que resulte plenamente operativa na Comunidade Autónoma galega.

O SISMIGAL conta cunha aplicación informática de xestión de recursos -tanto hospitalarios como de grupos de intervención- cun módulo especial de xestión do posto de mando avanzado. Este programa, denominado SESGAL (Simulador de Escenarios Sísmicos de Galicia), permite tamén facer simulacións nas que se coñezan as posibles consecuencias dun sismo para poder planificar unha resposta eficaz.



Doutra banda, dáselle especial importancia á información á poboación para cada tipo de situación, tendo en conta que resulta fundamental manter a xente informada do que está acontecendo en cada momento para mellorar a autoprotección individual.

Por último, o Plan establece os concellos con obriga de realizar o plan de actuación municipal fronte ao risco sísmico por ser especialmente sensible, que son As Nogais, Baralla, Becerreá, Láncara, Samos, Sarria e Triacastela, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Oourol e Ribeira de Piquín.



ACTUALIZADO O PLAN TERRITORIAL DE EMERXENCIAS DE GALICIA, PLATERGA, QUE INCLÚE O CÁLCULO DO RISCO POTENCIAL DE CADA CONCELLO

- *18 termos municipais presentan na actualidade un valor moi alto neste indicador; 48 teñen un valor alto; 71, moderado; 87 amosan un valor baixo; e 97 teñen un valor moi baixo*
- *Esta cualificación revisarase en función dos distintos riscos que se poidan producir ou de calquera incidencia que poida modificala*
- *O PLATERGA permite a xestión das emerxencias de carácter extraordinario que superan os medios de resposta habituais, buscando a máxima protección das persoas, os bens e o ambiente*
- *Tamén planifica a actuación dos grupos que teñen que intervir nestas situacións*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á actualización do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA), redactado pola Dirección Xeral de Protección Civil da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Este plan actualiza o que está en vigor desde 1994 e incorpora como novidades unha análise de riscos por concellos, unha nova estrutura de traballo, o establecemento de dous novos niveis de funcionamento e unha maior concisión na descrición das medidas de protección á poboación, o patrimonio e o ambiente.

O PLATERGA permite a xestión daquelas emerxencias de carácter extraordinario que superen os medios de resposta habituais e planifica a actuación dos diferentes grupos que teñen que intervir nestas situacións. É un plan director que tamén serve de marco para o desenvolvemento dos plans territoriais de menor rango e como referencia para a redacción dos plans especiais.

Deste xeito, realizouse unha análise pola que se calculou o Risco Potencial da Emerxencia (RPE) para cada concello, o cal mide o nivel de intensidade medio dos riscos en cada municipio de xeito que pode presentarse un mapa no que se aprecie a diferente distribución media en toda Galicia. En todo caso, esta é a calificación existente neste momento, que se revisará en función dos distintos riscos que se poidan producir ou de calquera incidencia que poida modificala.

Para calcular este valor tívose en conta o risco estatístico (frecuencia-causalidade), a vulnerabilidade poboacional (rango de poboación) e as emerxencias especiais (nevaradas, incendios forestais, temporais, risco químico, transporte de mercadorías perigosas e inundacións).




Risco de emerxencia por provincias

Na actualidade, 18 termos municipais presentan un valor moi alto do indicador Risco Potencial de Emerxencia. Ademais, 48 teñen un valor alto; 71 contan cun valor moderado; 87 teñen un valor baixo; e 91 amosan un valor moi baixo de Risco Potencial de Emerxencia.

Resumo da distribución Risco Potencial de Emerxencia no conxunto das provincias galegas:

		Moi Baixo	Baixo	Moderado	Alto	Moi Alto	Total
A Coruña	Número de termos municipais	14	22	32	18	8	94
Lugo	Número de termos municipais	23	22	14	6	2	67
Ourense	Número de termos municipais	47	30	9	5	1	92
Pontevedra	Número de termos municipais	7	13	16	19	7	62
GALICIA	Número de termos municipais	91	87	71	48	18	315





Niveis de emerxencia

Existen diferentes niveis de emerxencia de activación do PLATERGA que se corresponden con diversas modalidades de aplicación conforme a situación: niveis 0, OE, 1, 2, 3 e nivel IG (de Interese Galego).

Activarase o PLATERGA no nivel 0 cando se produza unha emerxencia cuxo ámbito de actuación sexa local, sendo suficientes para contela os medios adscritos ao Plan de emerxencias municipal (PEMU ou PAM) ou á competencia da autoridade local, sen que se considere necesario activar os medios do PLATERGA a outros niveis. No nivel 0, a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) realizará labores de seguimento, asesoramento e apoio aos medios municipais, e mobilizará os seus propios medios se son necesarios, a petición da dirección do plan. A activación deste nivel asegurará o posible paso a niveis superiores de forma graduada e coordinada.

Darase o nivel OE nunha emerxencia cuxo ámbito de actuación sexa local naqueles casos en que non exista PEMU homologado e a capacidade de resposta por parte do concello afectado non estea planificada. Tamén se activará naqueles casos en que se presente unha situación de emerxencia que, pola súa complexidade técnica, requira alertar algún grupo operativo especializado alleo ao PEMU ou á competencia da autoridade local, sen que se considere necesario activar o PLATERGA a nivel superior.

Porase en marcha o nivel 1 cando se trate de emerxencias cuxo ámbito de actuación sexa supralocal ou sendo local cando os medios locais para contela sexan claramente insuficientes desprazándose medios alleos de forma xeneralizada, sen que se considere necesario activar o PLATERGA a outros niveis. A extensión xeográfica da emerxencia e a necesidade de desprazar grupos operativos de puntos dispersos caracterizan este nivel de activación. A necesidade de activar elementos alleos ao PEMU ou ben a necesidade de activar máis de un (ou ben, no caso de non existir un plan municipal, de activar os medios locais doutro concello distinto) tamén poderán dar lugar á necesidade de activalo.

Procederase a activar o nivel 2 cando se produza unha emerxencia cuxo ámbito de actuación sexa local, supralocal, provincial ou autonómico. Chégase a este nivel de emerxencia por inicio súbito dunha emerxencia cun nivel de gravidade elevado, por evolución doutros niveis ou porque os medios adscritos ao Plan en niveis inferiores sexan insuficientes para conter a emerxencia, unha vez avaliado o risco e efectuada a proposta pola AXEGA ou por propia iniciativa da Dirección, se é o caso. Pode levar á activación deste nivel a presenza dunha emerxencia cuxa gravidade obrigue a desprazar medios dispoñibles en calquera punto da Comunidade Autónoma ou a alarma social xerada e a afectación a varios municipios, ben limítrofes ou ben distribuídos por toda a Comunidade.



Activarase o PLATERGA no nivel IG -Emerxencia de Interese Galego-, segundo a Lei 5/2007, cando se produza unha emerxencia declarada como tal polo Consello da Xunta. O ámbito xeográfico pode ser local, supralocal, provincial ou autonómico.

O nivel 3 establecerase en emerxencias en que exista interese nacional, segundo se dispón na Norma Básica de Protección Civil pola necesidade de activar elementos alleos á Comunidade Autónoma. Segundo este texto, o interese nacional ten que ver coas emerxencias que, co fin de protexer persoas e bens, requiran a aplicación da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, reguladora dos estados de alarma, excepción e sitio. Neste sentido, o presidente da Xunta de Galicia poderá solicitar do Goberno estatal a declaración do estado de alarma nos seguintes casos: catástrofes, calamidades ou desgrazas públicas, tales como terremotos, inundacións, incendios urbanos e forestais ou accidentes de gran magnitude; crises sanitarias como epidemias e situacións de contaminación graves; ou situacións de desabastecemento de produtos de primeira necesidade, entre outros supostos. Declarará o interese nacional o ministro do Interior por propia iniciativa ou por instancia do presidente da Xunta de Galicia ou do delegado do Goberno en Galicia.

Finalidade

A nova estrutura de traballo que propón o Plan está adaptada á nova realidade de Galicia, en particular ás disposicións da Lei de emerxencias de Galicia e tendo en conta a aparición de novos grupos de intervención e xestión de emerxencias. Ademais, modifícase a operatividade establecendo dous novos niveis de funcionamento: un para o caso dos concellos que non teñan o seu plan de emerxencias aprobado e outro para o caso das emerxencias de interese galego.

A finalidade do PLATERGA é establecer o dispositivo necesario de intervencións en situacións de emerxencia e a idónea coordinación de todos os servizos públicos e privados chamados a intervir. Tamén trata de definir o marco en que deberán integrarse todos os plans especiais e sectoriais da Comunidade Autónoma e noutros plans de ámbito superior no caso de que se produza a declaración de interese nacional. Así mesmo, pretende establecer tanto as directrices para a planificación de ámbito local como as accións doutras administracións públicas durante a emerxencia segundo se dispoña para cada nivel e coordinar estas. A finalidade do PLATERGA persegue, polo tanto, permitir o restablecemento dos servizos públicos esenciais e a volta á normalidade, así como informar a poboación e os medios de comunicación social da evolución dos acontecementos.

Este plan xa foi presentado ante os membros da Comisión Galega de Protección Civil, os cales achegaron suxestións que serviron para perfeccionalo. Finalmente, a Comisión emitiu informe favorable na última reunión plenaria. Unha vez aprobado polo



Consello da Xunta, este plan será homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil. A partir dese momento, deberá ser implantado, haberá que dalo a coñecer tanto aos grupos operativos descritos nel como a todos aqueles que teñan que participar no mesmo e elaboraranse os protocolos de actuación previstos.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE ASUMIRÁ OS GASTOS DE MANTEMENTO DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE TOMIÑO, LOGO DE QUE O CONSELLO DA XUNTA ACEPTASE A CESIÓN DA PARCELA

- *Trátase da cesión a título gratuito da parcela en que está a funcionar o novo centro sanitario de atención primaria nesta localidade pontevedresa*

O Consello da Xunta aceptou hoxe o dereito de uso dunha parcela de 4.600 metros cadrados feito a título gratuito pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Tomiño, na provincia de Pontevedra, a favor do Servizo Galego de Saúde para a construción dun centro de saúde.

Con este acordo regularízase a situación patrimonial do terreo no Pombal posto a disposición polo Concello de Tomiño a favor do Servizo Galego de Saúde, terreo propiedade desa comunidade de montes veciñais. Deste xeito, cúmprese o requisito establecido polo Pacto Local no eido sanitario que recolle que a sanidade pública galega asumirá todos os gastos de mantemento dos centros de saúde propiedade municipal, logo de que a súa titularidade sexa cedida en favor do Servizo Galego de Saúde.

Deste xeito, construíuse un novo centro de saúde en que o Goberno galego investiu preto de dous millóns de euros, contando obra e equipamento.

As súas instalacións contan cunha superficie construída de 1.653 metros cadrados, catro veces máis grande que o anterior centro, dispón dunha área asistencial con seis consultas de medicina xeral e seis de enfermaría, alcanzando así o obxectivo de que exista unha consulta de enfermaría por cada profesional da medicina de familia.

Conta ademais cunha sala da urxencias, sala de cirurxía menor así como cunha ampla zona de pediatria, que agora recolle unha área específica para atención aos nenos, cun total de catro consultas, dúas para profesionais da pediatria e outras tantas de enfermaría.



APROBADO O PROXECTO SECTORIAL DA PRIMEIRA GRANXA MARIÑA DESTINADA AO CULTIVO DE ORELLA DE MAR QUE SE INSTALARÁ EN GALICIA

▪ *Previamente ao paso polo Consello da Xunta do seu proxecto sectorial, realizáronse os trámites preceptivos, cos seus correspondentes períodos de exposición pública, e obtivéronse os informes necesarios de cara ao visto e prace desta nova planta acuícola*

O cultivo de orella de mar realizarase mediante unha tecnoloxía innovadora que consiste nun sistema de recirculación con filtración e tratamento do efluente

▪ *O proxecto presentado por Galician Marine Aquaculture contará cunha superficie de 47.533 metros cadrados e unhas instalación en que se investirán máis de 4,6 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a granxa mariña e de cultivo de orella de mar ou peneira promovido pola empresa *Galician Marine Aquaculture*, que se situará na Piela-Tal de Abaixo (Muros-A Coruña). Este proxecto ten por obxecto regular a implantación territorial destas instalacións para o cultivo integral desta especie (criadeiro e granxa), para o que está previsto un investimento de algo máis de 4,6 millóns de euros nunha superficie de 47.533 metros cadrados. Así mesmo, poderá xerar ao redor de 69 postos de traballo, entre directos e indirectos, e terá como obxectivo chegar a unha produción de 243 toneladas de orella de mar por ano.

Esta granxa, incluída no Plan Galego de Acuicultura, elaborado polo actual Goberno da Xunta e aprobado polo Consello do Goberno galego o pasado mes de agosto, será a primeira destinada ao cultivo da orella de mar que se instale na nosa comunidade autónoma e será tamén pioneira na xeración de mercado para este recurso mariño no Estado español.

Desde o ano 2006 e, polo tanto, previamente ao paso do proxecto sectorial polo Consello da Xunta para a súa aprobación, a Administración autonómica realizou todos os trámites preceptivos que establece o Decreto 80/2000 que regula os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal. Así, obtívose informe do Concello de Muros, someteuse a información pública o proxecto sectorial, obtivéronse os informes sectoriais do proxecto e a Dirección Xeral de Urbanismo tamén informou sobre esta actuación. Do mesmo xeito, declarouse a incidencia supramunicipal do proxecto sectorial e recibíuse o correspondente informe de declaración de impacto ambiental, e procedeuse á súa publicación. Agora queda pendente o outorgamento da concesión de actividade por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.



Segundo consta no proxecto, a firma *Galician Marine Aquaculture* quere instalar unha granxa mariña e un criadeiro, no municipio de Muros, para a produción de semente, así como para as fases de preengorda e de engorda de dúas variedades de orella de mar: a *Haliotis tuberculata* e a *Haliotis discus hannai*. Esta segunda especie non está presente nas nosas costas polo que foi precisa a autorización específica como especie alóctona por parte do Goberno galego, que foi outorgada o pasado mes de outubro.

En canto ao cultivo da orella de mar ou peneira, a firma *Galician Marine Aquaculture* ten previsto que se realice mediante unha tecnoloxía innovadora que consiste nun sistema de recirculación con filtración e tratamento do efluente que impide a liberación ao medio de gametos, larvas, xuvenís ou adultos tal e como se recolle no devandito proxecto.

O obxectivo que se busca con esta planta acuícola é acadar individuos de oito ou nove centímetros nun período de cultivo de tres a tres anos e medio, sendo a alimentación manual a base de algas que se recolectarán no noso litoral, aínda que haberá algún momento en que os exemplares serán alimentados con algas ou pensos artificiais. O destino do produto será a exportación, en vivo ou en formato conxelado IQF con cuncha.

Así, as previsións son introducir nas instalacións 2.500 adultos e arredor de 700.000 xuvenís no primeiro ano, así como uns 500.000 xuvenís máis no segundo exercicio. Ademais, a planta de cultivo contará cunha "*hatchery*", para o coidado e cría dos reprodutores e para a obtención de larvas viables e a súa metamorfose aos primeiros estádios xuvenís, e unha "*nursery*", para o crecemento (preengorda e engorda inicial) dos exemplares ata o tamaño comercial.



O GOBERNO GALEGO INVISTE MÁIS DE 400.000 EUROS NA MELLORA DO ABASTECIMENTO NO CONCELLO DE ENTRIMO (OURENSE)

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio que permitirá mellorar as captacións de auga, construír un novo depósito regulador e unha nova rede de distribución para os núcleos do Casal e Terrachán*

O Goberno galego destinará 410.000 euros á mellora do abastecemento de auga no concello de Entrimo, en Ourense, segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión semanal.

O proxecto recolle as actuacións necesarias para mellorar as captacións de auga existentes no núcleo do Casal, que se fará con gabias nos mananciais e arquetas de captación, unha nova arqueta de reunión e a conexión á tubaxe de captación existente baixo o río Pacín. Ademais, as obras prevén un novo depósito regulador e unha nova rede de distribución.

No núcleo de Terrachán faranse captacións nuns mananciais e no regato de Corgo da Freixa, dous bypass (un na contorna do depósito existente na estrada de Queguas e un segundo na contorna da igrexa de Santa María a Real) e un novo ramal.

As actuacións, que teñen un prazo de execución de cinco meses, inclúen tamén a reposición dos pavimentos e servizos afectados polas obras.



A XUNTA SUBVENCIONA CON 240.000 EUROS A ADQUISICIÓN DE 6 VIVENDAS PROTEXIDAS PARA ALOXAR FAMILIAS DO POBOADO CHABOLISTA DE PENAMOA NA CORUÑA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e o Concello da Coruña para a adquisición destas 6 vivendas*
- *O concello e as familias achegarán o resto do importe para adquirir estes inmobles*
- *O concello deberá elaborar un programa de integración para cada unha destas familias e facer o seguimento*

A Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Solo subvenciona con 240.000 euros a adquisición de seis vivendas protexidas destinadas ao realoxo doutras tantas familias que viven no poboado chabolista de Penamoa, no municipio da Coruña. O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre este departamento autonómico e o Concello da Coruña para a adquisición destas vivendas antes de decembro de 2010. A esta cantidade sumaranse as achegas do Concello e das familias para a adquisición das vivendas.

O prezo das vivendas non poderá superar o das vivendas protexidas de prezo xeral establecido para o municipio da Coruña e quedarán vinculadas ao obxecto deste convenio durante un mínimo de 30 anos.

Neste sentido, o convenio establece que o Concello da Coruña debe elaborar un programa de integración para cada unha destas familias nas áreas de servizos sociais, vivenda e aloxamento, educación, saúde e hixiene, formación e fomento do emprego, ademais de facer o seguimento e informar o departamento da Xunta que teña as competencias en materia de Igualdade e Benestar Social.

O Concello tamén se compromete a derrubar as chabolas en que viven na actualidade estas familias e a sanear os terreos a través da recollida de entullo e limpeza do soar.

Tras a sinatura deste convenio, a Consellería de Vivenda e Solo estará en disposición de adiantar o 50% da subvención outorgada na anualidade de 2009 en concepto de pagamento anticipado, só co requisito de que o concello presente os contratos de opción de compra das vivendas. O resto da subvención farase efectiva no momento de presentación do título de propiedade e os documentos xustificativos do gasto feito polo concello con este fin. Unha vez concretada a compra, o concello disporá dun prazo de 4 meses para presentar na Consellería certificado de inscrición no rexistro da propiedade.



O Concello da Coruña presentou a solicitude de axudas para a adquisición destas vivendas ao abeiro da Orde do 15 de maio de 2008 e da Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A solicitude foi aprobada e concrétase neste convenio que será asinado en breve por ambas as partes.

A Consellería de Vivenda e Solo ten entre as súas liñas de traballo a colaboración para a erradicación do chabolismo e da infravivenda, en actuacións solicitadas por instancia dos concellos.